

Mario Rouco lidera en Muras un proxecto renovado case na súa totalidade “para arrebatarlle á alcaldía ao PP e acadar o cambio imprescindible de anos de desfeita”

Os socialistas traballarán para devolver ao municipio os servizos que se merece “fronte as políticas dun alcalde que tan só mira polos seus intereses”

A prioridade do alcaldable son os preto de 700 veciños e veciñas deste municipio da Terra Chá, as súas necesidades e o seu futuro, así como buscar a participación cidadá e a recuperación demográfica do concello

A lista completa, que buscará o mellor futuro e progreso de Muras, está composta por tres mulleres e catro homes. Tan só repite o número 7 da lista, e conta cunha media de idade que se sitúa entre os 35-40 anos

MURAS, 24 DE ABRIL DE 2015.-O candidato de Muras –Mario Rouco- presentou este venres a lista coa que concorrerá ás vindeiras eleccións municipais do mes de maio e que fora elixida por aclamación en asemblea. Con Mario Rouco Rey como alcaldable, tratarán de arrebatarlle á alcaldía ao PP para acadar “o cambio imprescindible despois de anos de desfeita”. Os socialistas traballarán para devolver ao municipio os servizos que se merece “fronte as políticas dun alcalde que tan só mira polos seus intereses”

Os membros da lista do PSOE traballarán con ilusión polo seu proxecto de goberno, baseado “na transparencia, no compromiso de servir aos preto de 700 veciños e veciñas de Muras e mellorar o noso municipio”.

“Fixemos unha candidatura por consenso, con xente nova e veterana, á cal agradezo o seu apoio. Necesitamos a participación cidadá, de feito consideramos esta cuestión como punto vital no noso programa. E tamén prestaremos especial atención aos nosos maiores, sen deixar de lado aos mozos, que pasan por momentos duros pola inexistencia de oportunidades”, subraia o candidato.

E é que, sinala, “Muras é un pobo que está a desangrarse pouco a pouco”. “Temos un potencial increíble e aproveitaremos para intentar dar un xiro á situación actual do concello. Trataremos, se a xente aposta polo cambio, de buscar a recuperación demográfica municipio”, indica.

A candidatura ao completo

A lista completa, que buscará o mellor futuro e progreso de Muras, está composta por tres mulleres e catro homes. Está practicamente renovada na súa totalidade, menos por un membro da lista, e conta cunha media de idade que se sitúa entre os 35-40 anos:

- 1 Mario Rouco Rey
- 2 Carmen Ramil Picos
- 3 María Josefina Cillero Chao
- 4 Pedro Alfonso Durán Cao
- 5 Manuel Rodríguez Pérez
- 6 Marta ReigosaPardiño
- 7 José Cabarcos Baamonde

Suplentes

- 1 Agapito Pernas Fernández
- 2 José Miguel Bouza Corral



NOTA DE PRENSA

3 José Río López

Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo

www.psoeprovincialdelugo.com

www.facebook.com/psoeprovinciallugo

www.twitter.com/PsoeLugo